



**INSTRUCCIÓN 3/2018 DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, DO 4 DE XUÑO, SOBRE A XESTIÓN DO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR NO CURSO ESCOLAR 2018-2019**

<b>1. O ÁMBITO DE APLICACIÓN.....</b>	<b>1</b>
<b>2. AS FUNCIÓNS DAS DIRECCIÓNS DOS CENTROS.....</b>	<b>2</b>
<b>3. O USO DO SERVIZO POR PERSOAS DISTINTAS DOS SEUS USUARIOS LEXÍTIMOS.....</b>	<b>3</b>
<b>4. AS PETICIÓNS DE MODIFICACIÓN DOS ITINERARIOS E DE INTRODUCIÓN DE NOVAS PARADAS. 8</b>	
<b>5. A NECESIDADE DE AUTORIZACIÓN PREVIA DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA.....</b>	<b>9</b>
<b>6. MANTEMENTO DA APLICACIÓN INFORMÁTICA TRANSPORTE ESCOLAR.....</b>	<b>9</b>
<b>7. UTILIZACIÓN EXCEPCIONAL DE DÚAS PARADAS POR UN MESMO USUARIO LEXÍTIMO.....</b>	<b>10</b>
<b>8. A MODALIDADE C.....</b>	<b>11</b>

**1. O ámbito de aplicación**

Esta Instrución **será de aplicación directa durante o curso 2018-2019** ás rutas de transporte especial de escolares que cursen ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria en centros docentes públicos, nas que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ademais das súas competencias educativas, exerza como contratante e xestor do servizo.

Igualmente, se aplicará de xeito indirecto, informando e orientando as competencias en materia educativa, que dita consellería conserva respecto das rutas de transporte regular integradas, que trasladan escolares que cursan ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria en colexios públicos.

**Será usuario lexítimo do transporte escolar gratuíto o alumnado cuxo domicilio se encontre fóra do núcleo urbano no que radique o centro escolar e, en calquera caso, a unha distancia deste superior a 2 km, calculada utilizando o itinerario máis directo, sen desvíos e rodeos innecesarios.**

Para poder ser usuario lexítimo do servizo o alumnado deberá estar escolarizado no centro que lle corresponda, segundo a situación do seu domicilio e a distribución das áreas de influencia establecida ou contar cun ditame ou comunicación de escolarización forzosa emitido pola





Administración Educativa.

Neste senso, excepcionalmente, pode considerarse como domicilio do alumnado o daqueles familiares cos que o menor efectivamente conviva. Nestes supostos excepcionais non é suficiente a xustificación do domicilio mediante unha certificación do padrón municipal, sendo requisito imprescindible para a súa consideración a xustificación dunha convivencia real mediante certificación específica expedida para tal efecto polo concello, a partir de informes da Policía Local ou da Garda Civil, agás no caso de menores en situación de acollemento, no que as familias de acollida presentarán unha fotocopia da resolución ditada pola Xefatura Territorial da Consellería de Política Social.

Do mesmo xeito, para manter a condición de usuario lexítimo, é necesario que se faga un uso continuado do transporte escolar, entendido este como o uso repetitivo del en días fixos da totalidade das semanas do curso 2018-2019.

Os usuarios lexítimos de transporte escolar que non fagan uso do transporte escolar de xeito continuado perderán dita condición de usuario lexítimo, e, conseguintemente, non terán acceso preferente ao comedor escolar.

No suposto en que o comedor escolar de referencia tivera máis solicitudes que prazas autorizadas, e a condición de usuario lexítimo de transporte escolar fora determinante para obter unha praza no comedor, o alumno ou alumna que perdesse a súa condición de usuario lexítimo por non facer voluntariamente un uso continuado do transporte escolar, perderá a praza obtida, que deberá ser asignada polo Consello Escolar ao seguinte na lista de espera.

## 2. As funcións das direccións dos centros

Ao comezo do curso escolar, os Servizos Provinciais de Recursos Educativos Complementarios porán a disposición das direccións dos centros, unha relación dos vehículos asignados aos contratos de transporte escolar do respectivo centro. Na dita relación indicaranse as características de cada vehículo, a súa capacidade, o número da matrícula, etc., coa finalidade de que as direccións dos centros poidan comprobar a correcta execución do correspondente servizo (que o vehículo que o realiza efectivamente estea entre os asignados, que reúna as condicións contratadas, que o acompañante -se o transporte conta con esta figura- cumpre as súas funcións, que se cumpran correctamente os horarios de entrada e saída do centro, etc.).

De ser o caso, as irregularidades ou deficiencias que se observen cada día na execución do





servizo deberán ser comunicadas polas direccións dos centros ás Xefaturas Territoriais coa maior exactitude e no máis breve prazo posible, indicando as circunstancias que concorran e achegando os medios probatorios de que dispoñan. As ditas denuncias motivarán as oportunas investigacións por parte dos Servizos Provinciais de Recursos Educativos Complementarios e, no seu caso, a apertura de expedientes de incumprimentos contractuais por esta Secretaría Xeral Técnica.

### 3. O uso do servizo por persoas distintas dos seus usuarios lexítimos

Sen prexuízo do disposto no apartado 1 desta Instrución, ante a eventualidade de que haxa vehículos que contén con **prazas vacantes** e co obxectivo de optimizar os recursos dispoñibles, poderase autorizar o uso do servizo aos colectivos seguintes:

**1º. Ao alumnado de ensino obrigatorio, FP Básica e segundo ciclo de ensino infantil cuxo domicilio estea situado a unha distancia, calculada utilizando o itinerario máis directo, sen desvíos e rodeos innecesarios, do centro escolar inferior a 2 km e superior a 1 km en zona urbanizada e 500 m en zona non urbanizada.**

Se ben este alumnado non ostenta a condición de usuario lexítimo do transporte escolar, é posible concederlle unha autorización excepcional para o seu uso, sempre que concorran os seguintes requisitos:

- Que existan prazas vacantes
- Que non comporte a modificación das rutas
- Que non supoña a creación de novas paradas
- Que non incremente a duración do traxecto
- Que non precise a incorporación de acompañante

As autorizacións excepcionais serán expeditas pola Xefatura Territorial correspondente, ponderándose como circunstancias a ter en conta, discapacidades, a curta idade dos alumnos, a distancia que exista entre o domicilio do solicitante e o centro escolar, as condicións das estradas de acceso aos centros, a situación económica e familiar do alumnado etc. Esta ponderación será realizada polo centro quen elevará a relación de autorizados excepcionais seleccionados á Xefatura Territorial para que expida as autorizacións. As resolucións que se diten poderán ser recorridas en alzada ante esta Secretaría Xeral Técnica.





**As ditas autorizacións concederanse en precario,** precisándose nelas o feito de que quedarán sen efecto se cambian as circunstancias que as xustifican ou se é preciso asignar as prazas a outro alumnado cun dereito preferente.

En ningún caso comportarán preferencia algunha no acceso ao comedor escolar, a cal só deriva da condición de usuarios lexítimos do transporte escolar.

**A vixencia das autorizacións excepcionais comprenderá unicamente o curso escolar 2018-2019.**

O feito de obter estas autorizacións excepcionais non lles outorga aos seus beneficiarios dereito ningún no futuro.

**2º. Ao alumnado escolarizado en centros que non lles corresponden de acordo coas áreas de influencia fixadas en función dos seus domicilios familiares.**

Este alumnado poderá solicitar unha autorización excepcional para o uso deste servizo cando nas proximidades do seu domicilio discorra un itinerario de transporte escolar, sempre que concorran os seguintes requisitos:

- Que existan prazas vacantes
- Que non comporte a modificación das rutas
- Que non supoña a creación de novas paradas
- Que non incremente a duración do traxecto
- Que non precise a incorporación de acompañante

As autorizacións excepcionais serán expeditas pola Xefatura Territorial correspondente, ponderándose como circunstancias a ter en conta, discapacidades, a curta idade dos alumnos, a distancia que exista entre o domicilio do solicitante e o centro escolar, as condicións das estradas de acceso aos centros, a situación económica e familiar do alumnado etc. Esta ponderación será realizada polo centro quen elevará a relación de autorizados excepcionais seleccionados á Xefatura Territorial para que expida as autorizacións. As resolucións que se diten poderán ser recorridas en alzada ante esta Secretaría Xeral Técnica.

As ditas autorizacións concederanse en precario, precisándose nelas o feito de que quedarán sen efecto se cambian as circunstancias que as xustifican ou se é preciso asignar as prazas a outro alumnado cun dereito preferente.

Non comportarán en ningún caso dereito de acceso ao comedor escolar nin á súa gratuidade total ou parcial.





A vixencia das autorizacións comprenderá unicamente o curso escolar 2018-2019. O feito de obter estas autorizacións excepcionais non lles outorga aos seus beneficiarios dereito ningún no futuro.

**3º. Ao alumnado que, por causa de proximidade xeográfica, solicite a utilización de liñas de transporte correspondentes a centros distintos a aqueles nos que estea matriculado.**

Este alumnado poderá solicitar unha autorización excepcional para o uso deste servizo cando nas proximidades do seu domicilio discorra un itinerario de transporte escolar e sempre que concorran os seguintes requisitos:

- Que existan prazas vacantes
- Que non comporte a modificación das rutas
- Que non supoña a creación de novas paradas
- Que non incremente a duración do traxecto
- Que non precise a incorporación de acompañante

As autorizacións excepcionais serán expedidas pola Xefatura Territorial correspondente, ponderándose como circunstancias a ter en conta, discapacidades, a curta idade dos alumnos, a distancia que exista entre o domicilio do solicitante e o centro escolar, as condicións das estradas de acceso aos centros, a situación económica e familiar dos alumnos etc. Esta ponderación será realizada polo centro quen elevará a relación de autorizados excepcionais seleccionados á Xefatura Territorial para que expida as autorizacións. As resolucións que se diten poderán ser recorridas en alzada ante esta Secretaría Xeral Técnica.

As ditas autorizacións concederanse en precario, precisándose nelas o feito de que quedarán sen efecto se cambian as circunstancias que as xustifican ou se é preciso asignar as prazas a outro alumnado cun dereito preferente.

A vixencia das autorizacións comprenderá unicamente o curso escolar 2018-2019. O feito de obter estas autorizacións excepcionais non lles outorga aos seus beneficiarios dereito ningún no futuro.

Neste suposto correspóndelle aos centros educativos sin liñas de transporte cuxo uso é solicitado por alumnos matriculados no centro, recabar as solicitudes e elevalas á Xefatura Territorial.





#### 4º. Ao alumnado de bacharelato e ciclos medios e superiores de FP.

Poderase autorizar excepcionalmente o uso do transporte escolar **gratuíto** a favor do alumnado de bacharelato, ciclos formativos medios e superiores e outros programas similares, sempre que concorran os seguintes requisitos:

1. Que existan prazas vacantes
2. Que non comporte a modificación das rutas
3. Que non supoña a creación de novas paradas
4. Que non incremente a duración do traxecto

No outorgamento destas autorizacións excepcionais ponderaranse como circunstancias a ter en conta, as discapacidade dos alumnos, a distancia que exista entre o domicilio do solicitante e o centro escolar, as condicións das estradas de acceso aos centros, a situación económica e familiar dos alumnos etc. Esta ponderación será realizada polo centro quen elevará a relación de autorizados excepcionais seleccionados á Xefatura Territorial para que expida as autorizacións. As resolucións que se ditén poderán ser recorridas en alzada ante esta Secretaría Xeral Técnica.

As ditas autorizacións concederanse en precario, precisándose nelas o feito de que quedarán sen efecto se cambian as circunstancias que as xustifican ou se é preciso asignar as prazas a outro alumnado cun dereito preferente.

Non comportarán en ningún caso dereito de acceso ao comedor escolar nin á súa gratuidade total ou parcial.

A vixencia das autorizacións comprenderá unicamente o curso escolar 2018-2019. O feito de obter estas autorizacións excepcionais non lles outorga aos seus beneficiarios dereito ningún no futuro.

Cómpre salientar neste punto que cada curso escolar recíbense denuncias do alumnado motivadas pola esixencia de pagamento da viaxe por parte das empresas transportistas. Neste punto é preciso reiterar que o alumnado de ensinanzas non obrigatorias que utilice o servizo nos vehículos que contrata esta Consellería farao de forma absolutamente gratuíta a través da autorización expedida pola Xefatura Territorial de que se trate, trámite que resulta imprescindible para que este alumnado poida gozar do servizo.

Para evitar estas situacións anómalas, é imprescindible a especial atención e a colaboración da





dirección e da comunidade educativa dos centros, denunciando, co maior número de probas posible, ante as Xefaturas Territoriais estes feitos sempre que se produzan. As ditas denuncias motivarán as oportunas investigacións por parte das Xefaturas Provinciais de Recursos Educativos Complementarios e, no seu caso, a apertura de expedientes de penalidade por incumprimento contractual por esta Secretaría Xeral Técnica.

#### **5º. Acceso ao servizo por viaxeiros adultos do Programa TES+BUS.**

A autorización para a utilización de determinadas liñas de transporte escolar por parte de usuarios alleos á actividade escolar, no marco do programa TES+BUS, require que se dean as seguintes condicións:

- Que as liñas a autorizar correspondan a traxectos realizados unicamente por vehículos VDs e non sexan coincidentes no seu itinerario con servizos regulares permanentes de transporte de viaxeiros de uso xeral.
- Que os vehículos de transporte escolar dispoñan de prazas libres, e estas non sexan demandadas por outros membros da comunidade educativa.
- Que as autorizacións non comporten a modificación das rutas, nin a introdución de novas paradas nin o aumento de duración do itinerario.

#### **6º A orde de prelación na concesión de autorizacións excepcionais no caso de insuficiencia de prazas no vehículo.**

No caso de que o número de solicitudes de autorización excepcional para o uso de transporte escolar excedan do número de prazas vacantes nos vehículos, seguirase a seguinte prelación:

Terá prioridade en primeiro lugar os alumnos que teñan irmáns e irmás escolarizadas forzosamente no centro mentres estes permanezan nel.

En segundo lugar, o alumnado de ensino obrigatorio e segundo ciclo de ensino infantil cuxo domicilio estea situado a unha distancia do centro escolar inferior a 2 km e superior a 1 km en zona urbanizada e 500m en zona non urbanizada (con prioridade, á súa vez, dos discapacitados ou menores en idade sobre os maiores cando sexa preciso).

En terceiro lugar o alumnado de ensino obrigatorio e segundo ciclo de educación infantil escolarizado en centro distinto do que lle corresponde por área de influencia (con prioridade, á súa vez, dos discapacitados ou menores en idade sobre os maiores cando sexa preciso).

En cuarto lugar o alumnado de ensino obrigatorio e segundo ciclo de educación infantil que





solicite, por causa de proximidade xeográfica, a utilización do transporte dun centro distinto daquel no que está escolarizado (con prioridade, á súa vez, dos discapacitados ou menores en idade sobre os maiores cando sexa preciso).

En quinto lugar o alumnado de ensinanzas non obrigatorias (con prioridade, á súa vez, dos discapacitados):-

Finalmente, as persoas usuarias do programa TES+BUS.

Cando a prelación non poda establecerse pola Dirección do centro conforme á orde de preferencia anterior, porque o número de solicitantes pertencentes ao mesmo grupo exceda do número de prazas, o centro educativo de que se trate formulará unha proposta numerada de candidatos ás autorizacións excepcionais ante a Xefatura Territorial que corresponda. Para este fin, confeccionará unha lista ordenada do primeiro ao último de todos os solicitantes na que, ademais de terse en conta as prioridades anteriores, valorarase as discapacidades, a idade dos alumnos, a distancia que exista entre o domicilio do solicitante e o centro escolar, as condicións das estradas de acceso aos centros e a situación económica e familiar dos alumnos.

Cando como consecuencia da incorporación de novo alumnado que se produza durante o curso escolar, sexa preciso ceder a praza de transporte a un usuario lexítimo, o centro educativo que formulou a proposta orixinaria valorará de novo as solicitudes recibidas elevando á Xefatura Territorial correspondente unha nova proposta na que se distribúan as prazas sobrantes, aplicando os criterios de preferencia e ponderación recollidos neste apartado 3.

#### **4. As peticións de modificación dos itinerarios e de introdución de novas paradas.**

**Con carácter xeral non se autorizarán desviacións nos itinerarios de transporte escolar e/ou introdución de novas paradas en distancias inferiores a 2 km, nin fóra da zona de influencia do centro.**

As resolucións das Xefaturas Territoriais poderán ser recorridas en alzada ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que resolverá o que corresponda e o notificará aos recorrentes e ás citadas Xefaturas.

Cando circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas, aconsellen ampliar os itinerarios existentes e/ou introducir novas paradas en distancias inferiores a 2 km, as Xefaturas Territoriais elevarán unha proposta a esta Secretaría Xeral Técnica que, á vista dos informes e das xustificacións que se acheguen, autorizará ou denegará o solicitado.







En todo caso as peticións de cambios nos itinerarios de transporte existentes e de creación de paradas deberán obrigatoriamente que presentarse cos datos de xeolocalización que correspondan.

### **5. A necesidade de autorización previa da Secretaría Xeral Técnica**

Toda contratación de novos servizos, sexa do tipo que sexa, estará presidida por criterios de racionalidade e austeridade do gasto público, e requirirá para a súa tramitación a previa autorización desta Secretaría Xeral Técnica.

Calquera baixa ou modificación dos servizos de transporte escolar vixentes requirirá igualmente para a súa tramitación da previa autorización desta Secretaría Xeral Técnica.

### **6. Mantemento da aplicación informática TRANSPORTE ESCOLAR**

As Direccións dos centros de ensino que dispoñan de rutas de transporte escolar teñen como obriga inescusable introducir a totalidade dos datos delas na aplicación informática TRANSPORTE ESCOLAR. Neste sentido, a dirección de cada centro comprobará e completará os datos de cada un dos alumnos asignados ás paradas existentes en todas as rutas ao centro, incluíndo os correspondentes aos alumnos escolarizados noutros centros autorizados con carácter excepcional, pechando a introdución da totalidade dos datos precisos e, polo tanto, os servizos antes do 30 de outubro de 2018. De producirse modificacións durante o resto do curso, a dirección do centro cursará petición á Xefatura Territorial de que se trate, a fin de que a autorice e, no seu caso, abra de novo o servizo na aplicación para que a dirección do centro incorpore os datos correctos e volva pechar o servizo.

A completa carga na aplicación TRANSPORTE ESCOLAR dos datos actualizados de alumnos, paradas e rutas existentes é imprescindible para unha axeitada xestión do servizo e para poder aplicar, no seu caso, o Protocolo de actuación nos supostos de alertas metereolóxicas.

As direccións dos centros proporcionaranlles aos transportistas os listados xerados pola aplicación nos que conste o alumnado usuario de cada ruta en canto estean pechados os servizos na aplicación e remitiranlles as actualizacións dos devanditos listados cando se produzan modificacións ao longo do curso que xa contén coa autorización da Xefatura Territorial.

Porén, **as direccións dos centros de ensino que contén con rutas de transporte regular**





**integradas** que trasladan escolares que cursan ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria en colexios públicos, **non cargarán inicialmente datos do alumnado na aplicación "transporte escolar", ata que lles sexa comunicado expresamente por esta secretaría xeral técnica, xa que a introdución de cambios técnicos na configuración das rutas integradas na citada aplicación así o aconsella.**

## **7. Utilización excepcional de dúas paradas por un mesmo usuario lexítimo**

Os cambios sociais e económicos experimentados nos últimos tempos comportaron, á súa vez, situacións novas nas familias, ás que, no eido dos recursos educativos complementarios, é imprescindible responder, a fin de non invalidar á súa finalidade orixinaria.

Entre estas novas situacións familiares, cada vez mais numerosas, atópanse as derivadas de incompatibilidades horarias na conciliación da vida laboral e familiar, así como custodias parentais compartidas, en casos de separacións matrimoniais e divorcios.

Co fin de abordar as problemáticas citadas e darlles a resposta administrativa axeitada, está habilitada na aplicación "transporte escolar" a **posibilidade excepcional** de asignar a un mesmo alumno dúas paradas diferentes das distintas rutas de transporte escolar.

Porén, esta dobre asignación de paradas distintas a favor dun mesmo alumno require a previa presentación, por parte das persoas que exercen a tutoría e ostentan a garda e custodia do menor transportado, dunha xustificación axeitada das razóns que avalan a necesidade familiar aducida e conseguintemente, esixen a implementación da solución excepcional referida.

Así pois, para poder proceder á asignación de dúas paradas de transporte escolar diferentes a un mesmo alumno, usuario do transporte escolar, **é necesario que exista o seguinte:**

**-1º. Petición formal e expresa,** asinada polas persoas titoras do alumno transportado, que ostenten a súa garda e custodia.

**-2º. Xustificación acreditativa** das situacións familiares e/ou laborais que requiren da asignación excepcional de dúas paradas distintas a un mesmo escolar (sentencia ou convenio regulador, atribuíndo a custodia e garda compartida aos pais, informe ou certificación empresarial ou administrativa acreditativa do horario laboral incompatible de ambas as dúas persoas titoras do menor ou dunha, no caso das familias monoparentais).

**-3º. Compromiso de utilización continuada,** ao longo do curso escolar, das dúas paradas de transporte escolar asignadas, no sentido e do xeito fixado na aplicación de xestión,





“transporte escolar”.

Unha vez avaliadas polo centro de ensino as peticións e as xustificacións presentadas, solicitará a conformidade da Xefatura Territorial para implementar a dobre asignación de paradas na aplicación “transporte escolar” comunicando, por último tal circunstancia ás familias e as empresas de transporte escolar, adxudicatarias dos servizos, a modificación operada na ruta ou rutas afectadas.

## **8. A modalidade C**

Con data límite do 30 de outubro de 2018, as direccións dos centros que contén con alumnado usuario da modalidade C de transporte deberán ter presentado ante os Servizos Provinciais de Recursos Educativos Complementarios as relacións dos ditos usuarios para o curso escolar 2018-2019, nas que se especificarán as liñas de transporte regular que vaian utilizar.

Así mesmo, as direccións dos centros terán a obriga de actualizar as citadas relacións coas altas e baixas que se produzan ao longo do curso escolar citado e comunicar estas variacións aos Servizos Provincias anteriormente citados nun tempo máximo de 10 días desde que se produza a devandita variación.

A prestación do servizo de transporte escolar a través desta modalidade deberá respectar as indicacións contidas no apartado 1, no último parágrafo do apartado 2 e no apartado 5 desta instrución, non séndolles de aplicación os apartados 3, 4, 6 e 7.

Santiago de Compostela,

O secretario xeral técnico

Jesús Oitavén Barcala

